



CURSO DE PLANS DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E PSICOSOCIAIS

MODALIDADE: PRESENCIAL **NÚMERO DE HORAS:** 5 **EDICIÓNS:** 9

LUGARES DE IMPARTICIÓ: A Coruña (2 ed.), Lugo (2 ed.), Ourense (2 ed.), Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

DATOS REQUERIDOS PARA INSCRIBIRSE: Nome e apelidos, núm. DNI, teléfono de contacto e nome do sector no cal traballa.

PERSOAS DESTINATARIAS

Este curso está dirixido as persoas traballadoras activas ou en situación de desemprego, as persoas traballadoras autónomas, os delegados e delegadas de prevención e de recursos preventivos e as persoas traballadoras designadas que asuman con medios propios a actividade preventiva das empresas que poida esté interesado en coñecer os plans de evacuación e emerxencia en empresas de calquera sector produtivo de Galicia.

DESCRICIÓN:

Os plans de evacuación e emerxencia son obrigatorios e resultan fundamentais para salvagardar a integridade do persoal traballador ante un imprevisto. A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais regula a seguridade e hixiene no traballo e determina no artigo 20 a obrigatoriedade de contar cun plan de evacuación que especifique o protocolo de actuación en caso de emerxencia e sendo a súa redacción obrigatoria en calquera empresa e debéndose considerar todas as actuacións a levar a cabo no caso de que se produza unha situación de evacuación e de emerxencia.

A finalidade deste curso é de dotar as persoas traballadores as ferramentas necesarias para actuar adecuadamente ante unha emerxencia. Polo tanto, é necesario desenvolver un plan de evacuación en distintas fases como é a propia definición do mesmo, o deseño, a redacción a planificación e a propia formación.

As emerxencias ás que poden enfrontarse os traballadores poden ser derivadas por fenómenos meteorolóxicos adversos, incendios, catástrofes naturais, etc. Isto con leva a que tanto as administracións públicas como as entidades privadas dispoñan de plans de autoprotección e de emerxencias co obxecto de saber como actuar e intervir cando estes

sucedan e posteriormente vixiar posibles riscos por tensións postraumáticas. Neste senso, os principais obxectivos que se dirixen nesta acción formativa son os seguintes:

- Coñecer a normativa en materia de protección civil ante situacións de emerxencias e a lexislación que favoreza os plans de emerxencia.
- Informar sobre a estrutura da protección civil e os responsables ante situacións de emerxencia
- Adquirir os conceptos básicos dos plans de emerxencia e autoprotección.
- Coñecer a autoprotección así como dos riscos psicosociais inherentes.
- Comprender como se deben redactar e implantar os plans de autoprotección.
- Adquirir os coñecementos dos plans de evacuación e as medidas que deben levar a cabo en caso de accidente ou emerxencia nos centros de traballo.

BLOQUE DE CONTIDOS.

1. Introducción, obxectivos e conceptos básicos da autoprotección, evacuación e plans de emerxencia.
2. Resumo normativo: Lexislación nacional, autonómica e local. Lexislación por sectores específicos.
3. Autoprotección: Avaliación do risco. Tensión postraumática. Medios de protección.
4. Plans de emerxencia no posto de traballo: Obxectivos do plan de emerxencia. Accións a emprender. Procedementos. Equipos de autoprotección.
5. Evacuación e plans de emerxencia nos centros de traballo.
6. Implantación de plans de emerxencia. Obxectivos. Metodoloxía de aplicación. Realización de simulacros. Mantemento do plan. Revisión do plan de emerxencia Investigación de sinistros.
7. Casos prácticos.

AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN:

Os asistentes que, cumprindo co requisito de asistencia a esta actividade segundo a orde que regula esta convocatoria, recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia.

co financiamento de

